

CONCELLO
DE VIGO



MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO

2024

XULLO-AGOSTO-SETEMBRO





ÍNDICE

Exposición permanente	páx. 3
Exposición temporal	páx. 4
Actividades especiais verán	páx. 5, 6 e 7
Obradoiros emerxentes	páx. 8
Noite Branca	páx. 9
Información xeral	páx. 10



EXPOSICIÓN PERMANENTE

Exhibición permanente que, a través do seu percorrido, permite obter unha visión reflexiva sobre determinados aspectos da historia identitaria de Galicia.

Evidencia os profundos cambios económicos, sociais e tecnolóxicos producidos no século pasado que marcaron a obsolescencia útil das pezas e conceptos exhibidos.

SALAS TEMÁTICAS

Os tecidos

Simbología dos oficios

O peche

A madeira escavada

A luz

A materialidade da fe

A arte de curar

Os cultivos tradicionais

VISITAS GUIADAS:

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

VER PREZOS

EXPOSICIÓN TEMPORAL

QUERIDOS OBXECTOS: NOSTALXIA E SEDUCIÓN

A exposición xorde dun proxecto participativo que acolle a dimensión simbólica dos obxectos adquiridos como testemuños de viaxes.

A lembranza de viaxe, o *souvenir*, o recordo, ... alberga na súa materialidade a experiencia inmaterial do viaxeiro que, no seu devezo por atesourar a experiencia vivida, trae ata nós, a través do seu xeneroso compartir, lembranzas e desexos.

Exhíbense máis de oitenta pezas orixinarias de máis de vinte e cinco países cedidas, temporalmente, por viaxeiros e coleccionistas.

Lugar: Sala de Exposicións Temporais.

Datas: ata o 31 de decembro.



ENTRADA GRATUÍTA
AGÁS VISITAS GUIADAS
VER PREZOS

ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

OS SONS DO TRABALLO

Centrada na escoita activa de sons relacionados cos oficios establecendo relacións xeradoras de coñecemento que permiten a identificación de ferramentas, profesións e tarefas.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución con breve percorrido pola Sala dos Oficios do Museo.
- Parte práctica: os participantes, provistos de antefaces, enfocarán a súa atención no recoñecemento dos sons característicos de diversos oficios (a martelada do ferreiro, o asubío do afiador, ...) e outros elementos con eles relacionados.
- Xogo de busca: procura e identificación de pezas referentes aos oficios protagonistas da parte práctica a través da manipulación de tarxetas.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Infantil e 1º Ciclo de Primaria (de 3 a 8 anos)

BRUXULEANDO

Achéganos aos sistemas de orientación espacial e temporal, dende os máis antigos, como os accidentes da paisaxe a modo de referencia e a observación dos astros no ceo, ata as tecnoloxías actuais, observando a súa evolución no tempo.

Desenvolvemento:


- Parte teórica: introdución aos medios de orientación ao longo da historia a través dunha presentación que inclúe a explicación de diversos elementos como compases, astrolabios, sextantes, diversos tipos de reloxo, ...
- Parte práctica: resolución de distintas probas incluíndo a construción e uso de rudimentarios aparellos de orientación espazo-temporal que poñan a proba as dotes de descubridores e aventureiros dos participantes con croquis, compases, reloxo de sol,...

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Primaria (de 6 a 12 anos).

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

VER PREZOS



ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

MARIANO MARCOS ABALO

A VIDA DEBUXADA

Debuxante, escritor, autor do *Esconxuro da queimada*. Os seus debuxos, protagonistas da actividade, recrean unha visión etnográfica presente nos contidos do museo. A través deles, afondaremos en formas de vida pasadas unindo etnografía e arte e lembraremos a figura deste colaborador do museo cuxa carta de presentación era o agasallo dun dos seus artísticos mouchiños

Desenvolvemento:

- Parte expositiva: analizaremos as obras orixinais do artista pertencentes ás series "As árbores", "Os espantallos" e "As nosas cousas".
- Parte lúdica: xogo de aprendizaxe e entretemento a través do recoñecemento de oficios, identificación de pezas e acertixos por medio de seriados, con manipulación de reproducións dos debuxos do artista.
- Parte práctica: creación dun *Mouchiño de Mariano*.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Primaria (de 6 a 12 anos)

NUNHA ALDEA DE GALICIA ...

Os participantes coñecerán a vida das aldeas galegas de finais do XIX e principios do XX, onde o traballo comunitario aseguraba a supervivencia da comunidade, o comercio complementaba a economía e a artesanía medraba empuxada polas necesidades cotiás.

Desenvolvemento:

- Introducción ao xogo: a través dun conto coñeceremos o obxectivo da xincana: a liberación de Traste, o dragón protector de Vilaliste a través do traballo en equipo.
- Xincana: o traballo colaborativo e a capacidade de negociación levarán a conseguir varios obxectivos parciais que permitirán rescatar a Traste.

Duración aproximada: 90 m.

Dirixido a: grupos de Primaria
(de 6 a 12 anos)

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

VER PREZOS

ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

MISIÓN IMPOSIBLE

Os nosos axentes secretos en misión especial xunguirán aprendizaxe e diversión nunha xincana cultural na que deberán recuperar un valioso lote de alfaías recentemente roubadas. Enfrontaranse a unha serie de probas encadeadas que, no seu camiño, lles permitirán coñecer o museo dun xeito diferente.

Desenvolvemento:

- **Introdución ao xogo:** lectura do documento que expón a natureza da misión e explicación da dinámica grupal xunto coa entrega das credenciais de axentes secretos.
- **Xincana:** o traballo en equipo levará á recuperación das xoias a través da resolución de enigmas, adiviñas, buscas, series, ...

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 2º e 3º ciclo de Primaria (de 8 a 12 anos).

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

VER PREZOS

OBRADOIROS EMERXENTES

O museo, lugar de encontro, creador de experiencias que propician a interactividade favorecendo que a participación sexa un valor en si mesma.

O grupo, guiado por educadoras, mergullarase no tema suxerido a través da contemplación, a manipulación, a construción, a comparativa e a reflexión.

Propostas:

A emoción, un atallo da memoria

A cultura como ferramenta terapéutica.

Mans, espazo creativo

Visita inclusiva adaptada a persoas con discapacidade visual e auditiva.

Entre culturas

Intercambio cultural e integrador para persoas inmigrantes.

Diarios de memoria

Dirixidos aos nosos maiores perseguindo o enriquecemento mutuo.

Sororidade

Enfoque de xénero na etnografía.

Alianzas de colaboración

Campañas dirixidas ao asociacionismo afondando en intereses comúns.



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

ACTIVIDADE GRATUÍTA

PROGRAMACIÓN ESPECIAL

NOITE BRANCA

Como cada ano no verán, o museo abrirá a súas portas en horario ampliado sumándose á iniciativa promovida polo Concello de Vigo que convida á visita dos espazos culturais e ao desfrute da súa programación especial:

- Xornada de portas abertas en horario ampliado.
- Visitas guiadas ás exposicións permanente e temporal.
 - Actividades especiais.

Data e horario: 26 de xullo, de 20:00 h. a 01:00 h.



**XORNADA
DE
PORTAS ABERTAS**

INFORMACIÓN XERAL

HORARIOS

DE MARTES A SÁBADO: de 10:00 h. a 14:00 h.

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PECHADO: luns, domingos, festivos (agás 17 de maio, Día das Letras Galegas), 24 e 31 de decembro e Sábado de Gloria.

TARIFAS

ENTRADA XERAL: 2 €.

ENTRADA REDUCIDA: 1 € (3ª idade, parados, estudantes e grupos a partir de 10 persoas).

ENTRADA GRATUÍTA (agás visitas guiadas): menores de 6 anos; exposicións temporais e actividades que así o indiquen; os mércores en horario de tarde.

VISITAS GUIADAS E ACTIVIDADES (SEMPRE PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE):

XERAL: 2 €.

REDUCIDA: 1 € (Centros de ensino).

GRATUÍTA: Visita guiada ao museo dos Centros de ensino do Concello de Vigo.

INFORMACIÓN E RESERVAS

986244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

<https://museoliste.org/blog/>



ESPAZO "CO TEU CAN"

(DOG FRIENDLY)